

INFLUENCIA DO MUNDO RURAL NA CREAÇÃO DO REFRANEIRO GALEGO, CASTELÁN E INGLÉS: ESTUDIO COMPARATIVO

Larisa Santos Suárez

Algunhas notas sobre fraseoloxía

O mundo da fraseoloxía é un mundo apaixonante, que invita a mergullarse nel e perderse polos seus infinitos recunchos aínda inexplorados. O tesouro paremiolóxico de cada lingua constitúe unha parte fundamental no proceso da súa aprendizaxe, pois aprender unha lingua non consiste simplemente en aprende-la súa gramática e regras ortográficas, senón en entende-la cultura que está detrás desa lingua, a forma de pensar dos seus falantes, a vida que hai, en conxunto, tras esa expresión que é a fala. Só con esta aprendizaxe profunda de todo o que rodea unha lingua poderemos entende-las distintas locucións, refráns ou ditos que empregan os falantes nun momento e situación determinados, e só cando sexamos capaces de empregar estas expresións fixas ou unidades fraseolóxicas con pleno desenvolvemento, poderemos dicir que “coñecemos” unha lingua. En palabras de Wolfgang Mieder (1995) «no speaker of a foreign language can hope to gain cultural literacy in the target language without the knowledge of its paremiological minimum».

As distintas unidades fraseolóxicas xurdiron espontaneamente da fala cotiá ou da creación literaria, como espello dunha situación determinada pola que se foron enganando grupos de palabras “coma os pares de cereixas” (Ferro, 1996, p. 14) que logo, co tempo e coa repetición, acabaron adoptándose como metáfora ou simbolismo para expresar calquera outra cuns mesmos resultados ou cunha mesma causa. Este fenómeno é aplicable a tódalas linguas do mundo. Desgraciadamente, moitos dos estudos realizados nos últimos anos amosan un alto grao de descoñecemento das unidades fraseolóxicas entre os máis novos¹, situación que non se dá entre un grupo de

1. Xa nos anos trinta, os sociólogos americanos William Albig e Read Bain notaron o elevado nivel de descoñecemento entre as novas xeracións. A finais dos anos 60,

falantes de idades comprendidas entre os 40 e 80 anos, que constitúe a maior fonte de recollida e preservación da fraseoloxía de cada lingua. Así, como di Wolfgang Mieder, «a good elderly informant has knowledge of about 1000 proverbs, proverbial expressions, proverbial comparisons and other phraseological units» (Mieder, 1995, p. 3). Neste pequeno estudio de fraseoloxía ímonos centrar principalmente en tratar de recuperar esa parte da fraseoloxía máis típica e “tradicional” galega que aínda dominan os máis vellos, e en buscar equivalentes no castelán e no inglés que lle sirvan de ferramenta ó traductor ou a calquera persoa interesada na aprendizaxe ou perfeccionamento destas tres linguas.

A fraseoloxía galega

Os mellores mestres de galego están na aldea. O labrego ou o mariñeiro galego, mesmo se non está ó tanto das novidades normativas da nosa lingua, non só comprende os requintes fraseolóxicos, senón que fala cunha riqueza literaria que os filólogos non valoraron aínda debidamente. (Ferro, 1996, p. 15).

Está afirmación do profesor Ferro é tan certa coma triste. Coido que a fraseoloxía galega aínda non recibiu toda a atención que merece, e iso é algo que se bota en falta nun proceso de normalización lingüística coma o que estamos vivindo actualmente en Galicia. O nosos repertorios fraseolóxicos están inzado de refráns² nos que os trazos típicos da nosa cultura (fundamentalmente o mundo labrego e o mariñeiro) deixaron a súa pegada. Mais os ditos relacionados con ese pasado están aí abandonados, e cando queremos expresar calquera sentimento non acudimos a eles, senón que nos limitamos simplemente a expresalo da forma máis directa e sinxela ou, como moito, recorreremos a unha expresión na lingua veciña.

Este artigo pretende contribuír modestamente á recuperación da fraseoloxía galega tradicional e, ó mesmo tempo, busca servir de pequena ferramenta de axuda ó traductor do ou ó galego, ofrecéndolle un breve glosario de refráns³, organizado por campos semánticos, no que se poderá atopar máis de un refrán en cada lingua para expresar unha situación determinada. O meu obxectivo, xa que logo, é facer un pequeno estudio dos refráns que

o paremiólogo soviético Isidor Levin chegou, tras unha investigación demográfica profunda, ás mesmas conclusións. E a finais dos oitenta, estudiosos do tema como E. D. Hirsch ou Mieder obtiveron os mesmos resultados tras realizar varias enquisas entre alumnos universitarios. Cf Mieder, 1995, p. 2.

2. Aínda que o campo da fraseoloxía abrangue moitas máis unidades cós refrans (modismos, locucións, expresións fixas, ditos, etc.) vou limita-lo obxecto de estudio deste artigo a aqueles, nun intento de simplificar e sistematiza-lo estudio dun tema tan amplo e complexo coma este.

3. Para ve-las distintas definicións de refrán, véxase: Zuluaga, s.d., p. 56 e Casares, 1992, pp. 185-191.

nos legaron os nosos antergos, concretamente os procedentes do ámbito labrego, e amosa-las correspondencias que existen en castelán e en inglés. Nalgúns casos, como veremos a continuación, existe unha equivalencia formal total nos tres idiomas ou, cando menos, entre dous deles; noutros casos resulta imposible atopar tal equivalencia, o que nos obriga a recorrer a equivalencias parciais ou simplemente semánticas, é dicir, refráns que expresan o mesmo significado en cada idioma mais por medio de construcións léxicas totalmente distintas que poden, ou non, ter que ver co mundo agrícola.

Os nove campos semánticos que comento a continuación pretenden ser unha mostra representativa do corpus paremiolóxico que o mundo rural nos legou.⁴

ABUNDANCIA

Galego: No bo ano a palla é gran.

Por moito trigo nunca é mal ano.

Castelán: *En año bueno el grano es heno; en año malo la paja es grano.*

Por mucho trigo, nunca es mal año.

Inglés: *Abundance is no fault.*

*Store is no sore.*⁵

Dos dous refráns galegos seleccionados, podemos observar como o último ten un equivalente formal total en castelán. Sen embargo, o primeiro da lista semella contradictorio co seu correspondente castelán: «No bo ano a palla é gran» => *En año bueno el grano es heno; en año malo la paja es grano.* A primeira vista, o feito de que para os galegos a abundancia dun ano bo se reflecta na “conversión” da palla en gran⁶, mentres que para os casteláns ese mesmo feito sexa índice dun mal ano, resulta paradoxal. Mais se estudíamolos dous refráns máis detidamente, vemos como en castelán o feito de que a “paja” se “aproveite” como se fose “grano” é sinal de carencia, pero só en contraposición a un ano bo no que o “grano” é tan abundante que se pode utilizar xenerosamente, como se de “heno” se tratase. Así pois, a contradición formal non supón unha oposición semántica, e dous refráns, que nun principio parecían opoñerse, resultan expresa-lo mesmo pensamento. Ade-

4. As principais fontes de consulta e obtención dos refráns foron Ferro Ruibal (1987) e Rodríguez González (1958-61) para o caso do galego; a obra de Briceño (1988), Campos-Barella (1993), Correas (1967), Fernández (1994) e Plaza (1991) para o castelán; e, finalmente Carbonell (1996), Schudy (1989) e Strauss (1994), para o inglés. Desta última obra multilingüe pódense tirar moitos refráns en distintas linguas, se ben a galega, lamentablemente, non está incluída.

5. «A abundancia non é pecado»; «As reservas non danan».

6. Supoño que ó que se refire o dito é a que cando o ano é bo a espiga do cereal é mais longa e polo tanto leva máis gran.

mais, ámbolos dous recorren a unha realidade rural para expresa-lo mesmo concepto. A “palla”, o “gran”, o “heno” son símbolos de abundancia e escaseza nun mundo rural que a través dos refráns e ditos populares perviviu ata os nosos días.

No caso do inglés, sen embargo, non coñezo ningún refrán que faga referencia ó ámbito rural, senón que reflicten simplemente unha verdade simple e do máis directa e clara, que en castelán tamén se podería expresar como *Lo que abunda, no daña*. Polo tanto, no caso do inglés non podemos falar de ningún tipo de coincidencia formal co galego nin, en consecuencia, de relación co mundo rural, e temos que limitarnos á utilización de simples equivalentes semánticos para os refráns recollidos en galego e castelán.

AMBICIÓN

- Galego: Quen moito enfeixa, pouco ata.
Quen quere besta sen chata, a pé anda.
- Castelán: *Quien mucho abarca, poco aprieta.*
Quien quiere bestia sin tacha, a pie se anda.
Quien todo lo quiere, todo lo pierde.
- Inglés: *Grasp all, lose all.*
He that hunts two hares loses both.
*He who would have all loses all.*⁷

No campo semántico que denominei “ambición” incluíu dous refráns que en galego fan referencia ó mundo agrícola e rural. Para o segundo deles, «Quen quere besta sen chata, a pé anda», temos un equivalente formal total en castelán *Quien quiere bestia sin tacha, a pie se anda*⁸ que, igual que sucede no galego, fai referencia ó ámbito rural. Sen embargo, para o primeiro refrán galego, «Quen moito enfeixa, pouco ata», só puiden atopar equivalentes semánticos en castelán como *Quien mucho abarca, poco aprieta*, ou *Quien todo lo quiere, todo lo pierde*, que en ningún momento fan alusión ó mundo rural.

No caso do inglés, novamente se fai nota-la carencia dun léxico agrícola na creación do seu refraneiro. Para o refrán galego «Quen quere besta sen

7. «Quen todo abrangue, todo perde»; «Quen dúas lebres persegue, ámbalas dúas perde»; «Quen todo o quere, todo o perde».

8. Aínda que tanto o galego “besta” coma o castelán “bestia” adoitan tomarse como tradución un do outro, débese ter en conta que o galego tende a usar este substantivo como sinónimo principalmente de “egua”, mentres que o castelán dálle un ámbito de aplicación máis amplo. Así, o Dicionario Xerais da Lingua (1990) define o termo “besta” como “Animal cuadrúpedo, comunmente enténdese o doméstico de carga como a egua”. O Dicionario da Real Academia Española (1992), pola súa banda, dá a seguinte definición para o termo “bestia”: “Animal cuadrúpedo. Más comunmente se entendiendo por los domésticos de carga, como caballo, mula, etc.”

chata, a pé anda», nin sequera dei atopado ningún equivalente formal en inglés. Sen embargo, o inglés *Grasp all, lose all* é unha tradución perfecta para o galego «Quen moito enfeixa, pouco ata» ou para o castelán *Quien mucho abarca, poco aprieta* ou calquera das súas variantes⁹, a pesar de que a imaxe empregada para a expresión deste pensamento non ten nada de metafórico ou simbólico, nin menos aínda (ocorre o mesmo co castelán) alude en absoluto ó mundo rural. Así, calquera dos exemplos que puiden recoller en inglés para este campo semántico da ambición, non amosan vinculación ningunha co rural.

AMIZADE LEAL E VERDADEIRA

- Galego: Ese é meu amigo, que moe no meu muíño.
O bo amigo non ha deixa-la palla e leva-lo trigo.
- Castelán: *Amigo en la adversidad es amigo de verdad.*
Aquel es tu amigo, que te quita de ruidos.
En la necesidad se conoce la amistad.
- Inglés: *A friend in need is a friend indeed.*
He's a friend that speaks well behind our backs.
*He is my friend that grinds at my mill.*¹⁰

De entre os moitos refráns galegos que existen para este campo semántico, dous proceden claramente do medio rural e agrícola: «Ese é meu amigo, que moe no meu muíño» e «o bo amigo non ha deixa-la palla e leva-lo trigo». O castelán, sen embargo, se ben abunda tamén neste tipo de refráns, non parece posuír nin un só formado a partir de elementos agrícolas ou rurais de ningún tipo. Podería incluír aquí dúcias de refráns casteláns referentes a unha amizade leal e verdadeira, pero posto que ningún deles remite ó mundo agrícola e xa que o espazo non mo permite, citei tan só tres que me parecen bastante coñecidos e representativos.

Contrariamente ó que viñemos vendo ata agora, temos un exemplo inglés que fai referencia ó mundo rural, e non só iso, senón que ademais podemos dalo como equivalente total dun dos refráns galegos: *He is my friend that grinds at my mill* => «Ese é meu amigo, que moe no meu muíño».

Mais a longa lista de refráns que o inglés posúe para este campo semántico non se esgota nos tres exemplos aquí ofrecidos. Hai moitos outros que me resulta imposible incluír aquí e que, igual có castelán, aluden a unha amizade

9. No traballo de fin de carreira que presenteí en Vigo en setembro de 1996 incluío un corpus moito mais amplo de refráns, no que se recollen tamén as distintas variantes que existen para moitos refráns.

10. «O amigo na necesidade é un amigo de verdade»; «Aquel é un amigo, que fala ben ás nosas costas»; «Ese é meu amigo, que moe no meu muíño».

leal e verdadeira empregando unha simboloxía que nada ten que ver co mundo agrícola. En moitos casos existen equivalentes totais entre estas dúas linguas, é dicir, os refráns en castelán e en inglés empregan a mesma imaxe, recorren ós mesmos elementos léxicos, para expresa-lo pensamento que se quere transmitir. É o caso, por citar algún dos exemplos recollidos neste artigo, de *Amigo en la adversidad es amigo de verdad* e *A friend in need is a friend indeed*.

AMIZADE FALSA OU INTERESADA

- Galego: Amigo, non de min, senón do meu trigo.
Dade ó demo o amigo que vos deixa a palla e vos leva o trigo.
O mal amigo deixa a palla e leva o trigo.
Ti amósame a pereira, que quero estar á súa beira cando teña peras.
Ti ten grans no teu pombal, que as pombas xa che virán.
- Castelán: *Amigo del buen tiempo, múdase con el viento.*
Comida hecha, compañía deshecha.
En tiempo de higos no hay amigos.
- Inglés: *In time of prosperity friends there are plenty; in time of adversity not one among twenty.*
When good cheer is lacking, our friends will be packing.
While the pot boils, friendship blooms.
*Whose bread I eat, his song I sing.*¹¹

Tódolos refráns recollidos neste campo fan referencia, ó contrario do campo anterior, a unha amizade falsa e movida unicamente polo interese propio e a busca de beneficios nos bens alleos. Novamente, podemos ver cómo o galego posúe unha serie de ditos que recorren a algún tipo de léxico relacionado co mundo agrícola, a diferenza do castelán e do inglés que adoitan recorrer a outro tipo de metáforas ou comparacións máis xenéricas. As tres linguas falan do amigo falso e interesado como aquel que busca aproveitarse das riquezas, bens ou posesións do outro. Para o “amigo” galego, eses bens serían o “trigo”, as “peras da pereira” ou os “grans do pombal”; para o castelán, as riquezas reflíctense na prosperidade económica do momento (“el buen tiempo”), ou na abundancia de comida; finalmente, o “amigo” falso e interesado inglés busca no outro a prosperidade e as riquezas (*In time of prosperity friends there are plenty; in time of adversity not one among twenty*), ou mesmo tamén, igual có castelán, a abundancia de alimento (*When good cheer is*

11. «En tempos de prosperidade amigos hai moitos, en tempos de adversidade nin un de cada vinte»; «Cando falta unha boa comida, os nosos amigos fan as maletas»; «Mentres a pota ferve, florece a amizade»; «Aquel a quen lle como o pan, a súa canción canto».

lacking, our friends will be packing; While the pot boils, friendship blooms e Whose bread I eat, his song I sing).

Semella imposible atopar ningún tipo de equivalencia formal entre os refráns existentes en galego, castelán e inglés para este campo semántico, polo menos se o que buscamos (como é o propósito deste traballo) son equivalentes que conteñan un léxico agrícola ben definido. En galego, igual ca en castelán e inglés, existen moitos refráns no campo da amizade falsa e interesada que aluden á posesión de bens materiais, cartos, riquezas, e mesmo á abundancia na alimentación (por exemplo, «Pan comido, compañía desfeita» ou «Ó que ten bo viño non lle faltan amigos»), mais a selección dese tipo de refráns non entra dentro dos obxectivos deste artigo. O que é obvio é que, se ben o galego posúe unha serie de refráns para este campo semántico que teñen que ver tanto co mundo agrícola coma con outro tipo de realidade máis actual e ampla, o castelán e o inglés non parece que manteñan ningún tipo de dito ou proverbio alusivo ó mundo rural.

APARENCIA DE RIQUEZA

- Galego: Besta grande, ande ou non ande.
O boi, grande, are ou non are.
Fachenda da montaña, meda na eira e fame na casa.
Onde coidas que hai touciños, hai estacas.
Na súa casa non ten fariña e na allea pide galiña.
- Castelán: *Caballo grande, ande o no ande.*
Donde se piensa que hay tocino, no hay estacas.
- Inglés: *All that glitters is not gold.*
*Appearances deceive.*¹²

O número de refráns que en calquera das tres linguas obxecto de estudo fan referencia ó enganoso das aparencias podería prolongarse ata o interminable. Mais nun espazo tan limitado decidín citar soamente uns poucos que reflicten o afán por intentar aparenta-lo que non se é diante dos demais.

Podemos ver como existen certas equivalencias formais entre o galego e o castelán. Así, o galego «Besta grande, ande ou non ande» ten unha tradución case literal no castelán *Caballo grande, ande o no ande*¹³. Por outra banda, o galego «O boi, grande, are ou non are», posúe a mesma estrutura sintáctica cós dous refráns anteriores, aínda que recorre a un léxico distinto, moito

12. «Todo o que reloce non é ouro»; «As aparencias enganan».

13. Como xa aclaramos antes, existe unha lixeira diferenza entre o significado que abranguen o termo galego “besta” e o castelán “bestia”. Mais en termos xerais, a substitución da “besta” galega polo “caballo” castelán, pódese dar como equivalente. De calquera xeito, ámbolos dous termos aluden a un animal de carga doméstico, sexa cal sexa, tipicamente usado para os labores agrícolas.

máis identificado co mundo agrícola, xa que non só se menciona un animal relacionado cos labores do campo, senón que se alude tamén a un traballo tan propio do mundo rural como é o de arar.

No caso do refrán galego «Onde coidas que hai touciños, hai estacas»¹⁴, existe un “equivalente”¹⁵ total en castelán *Donde se piensa que hay tocino, no hay estacas*¹⁶. Aínda que o léxico empregado non responde plenamente a un tipo de léxico agrícola como o que ata agora vimos estudando, non hai dúbida de que os “touciños” proveñen do mundo rural, onde se mataba o cocho e se amañaban despois as distintas partes dun xeito ou outro. Neste sentido, o touciño evoca un mundo tipicamente rural que medía as súas riquezas máis pola abundancia de bens agrícolas que pola posesión de bens materiais, cartos, etc. Esta idea vese claramente no refrán «Fachenda da montaña, meda na eira e fame na casa», que contrapón a “fachenda” dos “da montaña”, que presumen de ter “meda na eira” (por derivación cereal, e logo pan) e ser máis ricos cós do val, á “fame” que a maioría deses fachendosos pasan despois, e fan pasar á súa familia, na casa. Polo tanto, parece obvio que no mundo rural a riqueza se mide máis pola posesión dun celeiro cheo que pola posesión doutros bens materiais. «Na súa casa non ten fariña e na allea pide galiña» constitúe outra proba máis desta imaxe coa que os galegos representámo-lo falso mundo das aparencias.

En canto ó inglés, non dei atopado ningún dito ou refrán que contrapuxese a aparencia de riquezas e posesión de bens á carencia de todos eles, e menos aínda algún que tomase como referencia o mundo rural. Así, para expresa-lo mesmo pensamento que reflecten os proverbios galegos ou casteláns, temos que recorrer a expresións máis xenéricas como *All that glitters is not gold* ou *Appearances deceive*. Ningún deles alude especificamente a unha falsa simulación de riquezas, mais en termos xerais acaban dando o mesmo consello, e é que as cousas non son sempre o que aparentan e que ás veces o que máis rico e prominente semella é o que menos ten.

APROVEITAMENTO DO ALLEO

- Galego: Uns sementan e outros segan.
Uns seméntano, outros ségano e aprovéitano.
- Castelán: *Uno siembra y otro siega.*
Uno siembra, otro coge.

14. Existe unha enorme cantidade de variantes deste refrán, que recolle Ferro Ruibal, 1997, p. 99 e que non incluío polo limitado deste artigo.

15. A pesar da negación no refrán castelán (...no hay estacas), os dous veñen dici-lo mesmo: no galego, onde pensabamos atopar “touciños” descubrimos que só quedan as “estacas”; no castelán, nin hai “tocino”, nin tan sequera “estacas”.

16. Para as distintas variantes existentes deste refrán, véxase: Campos-Barella, 1993.

Inglés: *One man sows and another reaps.*
One sows, another mows.
*Some do the sowing, others the reaping.*¹⁷

Neste apartado é evidente a influencia do mundo agrícola na formación dos refráns seleccionados, non só no galego, senón tamén nos seus equivalentes casteláns e ingleses, que tamén recorren ós verbos “sementar” (“sembrar” en castelán, e *to sow* en inglés) e “segar” (*segar* ou *coger* en castelán, e *to reap* ou *to mow* en inglés) para transmiti-los trazos semánticos aquí definidos¹⁸. Cómpre destacar, ademais, a equivalencia total entre a serie de refráns seguinte: «Uns sementan e outros segan» => *Uno siembra y otro siega* => *One sows, another mows*. Como variantes da serie anterior teríamos: *Uno siembra, otro coge.* / *One man sows and another reaps* e *Some do the sowing, others the reaping*.

AVARICIA

Galego: O que ten chea a tulla non ten por que ter carpulla.
Castelán: *El asno de Arcadia, lleno de oro y come paja.*
Mientras la hierba crece el caballo muere.
Inglés: *The ass carries gold and eats thistles.*
*While the grass grows, the horse starves.*¹⁹

O único refrán galego seleccionado para este campo semántico da avaricia, «O que ten chea a tulla non ten por que ter carpulla», transmite a idea das privacións ás que moitas veces se somete o avaro sen ter motivo ningún. Así, e recorrendo a un elemento léxico tan relacionado co mundo agrícola coma a “tulla”, este refrán critica o avarento que tendo comida de sobra pasa unha fame negra (“carpulla”), polo seu afán de xuntar máis e máis sen gastar nunca nada.

No caso do castelán e do inglés non recollín ningún equivalente exacto, é dicir, que exprese o mesmo pensamento por medio dunha imaxe totalmente idéntica. Mais si hai refráns que, por medio doutras imaxes que tamén podemos asociar ó mundo agrícola (*El asno de Arcadia, lleno de oro y come paja* e *Mientras la hierba crece el caballo muere*, no caso do castelán, ou *The ass carries gold and eats thistles* e *While the grass grows, the horse starves*, no caso do inglés) nos transmiten o mesmo valor semántico de avaricia có galego.

17. «Un home sementa e outro sega»; «Un sementa, outro sega»; «Uns fan a sementeira, outros a seitura».

18. A coincidencia plena destes refráns nas tres linguas débese á súa fonte común de procedencia: a Biblia.

19. «O asno leva ouro e come cardos»; «Mentres a herba medra, o cabalo morre de fame».

AXUDA

- Galego: Cando no camiño hai barro, unta-lo carro.
Carreteiro que non unta o carro non sae do camiño.
Quen o seu carro unta, ós seus bois axuda.
- Castelán: *Cuando en el camino hay barro, untar el carro.*
El que engrasa las ruedas de su carreta ayuda a sus bueyes.
Quien su carro unta, sus bueyes ayuda.
- Inglés: *He who greases his wheels helps his oxen.*
*If you grease well you speed well.*²⁰

Neste campo semántico recollo unha serie de refráns que, dun xeito ou outro, implican a necesidade de axuda. Trátase dunha axuda particular: de axudarse a si mesmo, poñendo os medios necesarios para que os asuntos propios vaian ben. Se observámo-los tres exemplos galegos, podemos comprobar como, aínda que desde enfoques ou perspectivas diferentes, todos eles priman esa necesidade. O primeiro deles, «Cando no camiño hai barro, unta-lo carro», aconsella; o segundo, «Carreteiro que non unta o carro non sae do camiño», advirte dos perigos da falta de axuda; e o terceiro, «Quen o seu carro unta, ós seus bois axuda», afirma. En definitiva, todos eles veñen dici-lo mesmo, aínda que de forma diferente.

No caso do castelán, existe un paralelismo entre o primeiro e o terceiro refrán citados, *Cuando en el camino hay barro, untar el carro* e *Quien su carro unta, sus bueyes ayuda* e o primeiro mailo terceiro recollidos en galego. En canto ó segundo *El que engrasa las ruedas de su carreta ayuda a sus bueyes*, en realidade non é máis ca unha variante do último, pois ó cabo “untar el carro” non é máis que engraxa-las rodas.

Finalmente, o inglés posúe tamén un refrán idéntico ó que acabamos de mencionar en castelán, salvo que non menciona a palabra “carro” nin “carreta” por ningún lado: *He who greases his wheels helps his oxen*. Como variante deste, temos *If you grease well you speed well*, máis xenérico aínda e, en consecuencia, máis distanciado do mundo agrícola, pero cos mesmos trazos semánticos có primeiro e conservando aínda o elemento léxico “grease”.

EGOÍSMO

- Galego: Bacoriño de celeiro non quere compañeiro.
Cada cal quere leva-la auga ó seu muíño.
Pan de trigo ou de centeo quéroo máis no meu ventre que no alleo.

20. «Quen engraxa as súas rodas axuda ós seus bois»; «Se engraxas ben, correrás ben».

Castelán: *Cada uno quiere llevar el agua a su molino.
De paja y de heno, el pancho lleno.
Más quiero en mi casa pan que en la ajena faisán.*
Inglés: *Every man wishes water to his own mill.*²¹

O primeiro que me gustaría destacar neste campo semántico é a correspondencia do refrán galego «Cada cal quere leva-la auga ó seu muíño» cos seus equivalentes nas outras linguas *Cada uno quiere llevar el agua a su molino* e *Every man wishes water to his own mill*. É obvio que este refrán debeu ter unha mesma raíz común, a partir da cal se estendeu a distintas linguas, pasando a formar parte de diferentes culturas. Trátase, polo tanto, dun refrán non exclusivo da cultura galega e que polo tanto poderíamos cualificar como “internacional”. Segundo Ferro Ruibal, este tipo de refráns “son traducción ou paráfrase doutros máis antigos, doutros que sobreviven ó paso dos milenios” (Ferro Ruibal, 1987, p. 10). Ademais, xeralmente posúen unha serie de variantes en cada lingua. Así, o galego posúe, ademais do refrán que recollemos aquí como principal, outros dous: «Cada un quere leva-la auga ó seu muíño e deixar en seco o do veciño» e «Cada un tira da auga para o seu muíño, inda que deixe seco o do veciño». O castelán, pola súa banda, ten unha variante idéntica a unha das galegas: *Cada uno quiere llevar el agua a su molino, y dejar en seco el del vecino*. E o inglés goza tamén de lixeiras variantes como *Every miller draws water to his own mill* e *Everyone draws the water to his own mill*.

Pero o galego e o castelán posúen outros refráns formalmente diferentes, que empregan unha simboloxía distinta, pero que transmiten o mesmo contido semántico de “Egoísmo”. Así, no caso do galego, recollemos outros dous refráns con influencia rural con este matiz semántico: «Bacoriño de celeiro non quere compañeiro» e «Pan de trigo ou de centeo quéroo máis no meu ventre que no alleo».

En castelán, cunha simboloxía vinculada tamén claramente ó mundo rural, recollémo-lo refrán *De paja y de heno, el pancho lleno*. Cunha imaxe diferente e esta vez desvinculada do mundo agrícola, mais trasmisora do mesmo pensamento, podemos cita-lo último refrán castelán aquí tratado: *Más quiero en mi casa pan que en la ajena faisán*.

Coido que esta pequena mostra paremiolóxica pode ser suficiente para ve-la importancia que “a xente do campo” exerceu na formación do refraneiro galego, o que proba asemade a influencia que a cultura e as tradicións dun país determinado exercen na formación e evolución da súa lingua. Así, o castelán posúe tamén un corpus paremiolóxico bastante abundante en refráns relacionados co mundo rural, se ben non tanto coma o galego. O inglés, sen embargo, amosa unha escasa intervención do mundo agrícola na creación do

21. «Cada un quere auga para o seu muíño».

seu refraneiro, o que obviamente debemos atribuír ás características históricas deste país e a unhas tradicións culturais ben distintas das nosas.

Espero que, a pesar da súa brevidade, este pequeno estudio poida servir de axuda ó traductor do galego e para o galego. E finalmente, que a elaboración de traballos coma este esperte no lector a curiosidade polo mundo da paremioloxía, eido no que aínda queda moito traballo por facer. Mais, como di o outro, "Amasando faise o pan".

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARES VÁZQUEZ, M^a C. ET ALII. 1990. *Diccionario Xerais castelán-galego*. Vigo: Xerais, 1990.
- BRICENO POLO, A. 1988. *1700 refranes (De Sentido Común)*. Lima: Sairam Editores S.R.L., 1988.
- CAMPOS, J. E BARELLA, A. 1993. *Diccionario de Refranes*. Madrid: Espasa Calpe, 1993.
- CARBONELL BASSET, D. 1996. *Diccionario de refranes. Castellano e inglés*. Barcelona: Ediciones del Serbal, 1996.
- CASARES, J. 1992. *Introducción a la lexicografía moderna*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1992.
- CORREAS, G. 1967. *Vocabulario de refranes y frases proverbiales*. Bordeaux: Institut D'Études Ibériques et Ibéroaméricaines de l'Université de Bordeaux, 1967.
- FERNÁNDEZ, M. 1994. *Diccionario de Refranes*. Madrid: Alderabán Ediciones, S.L., 1994.
- FERRO RUIBAL, X. 1987. *Refraneiro Galego Básico*. Vigo: Galaxia, 1987.
- FERRO RUIBAL, X. 1996. *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. A Coruña: Real Academia Galega, 1996.
- MIEDER, W. 1995. Paremiological Minimum and Cultural Literacy. *De Proverbio*. An Electronic Journal of International Proverb Studies. Vol. 1, N^o. 1 <http://info.utas.edu.au/docs/flonta>, 1995.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E. 1958-61. *Diccionario Enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia, 1958-61.
- SCHUDY, A. 1989. *Sprichwörter*. Berlín: Volk und Wissen Volkseigener Verlag, (1989).
- STRAUSS, E. 1994. *Dictionary of European Proverbs*. 3 vol. London: Routledge, 1994.
- VV.AA. 1991. *Diccionario de aforismos, proverbios y refranes*. Madrid: Fernando Plaza del Amo, S.L., 1991.
- ZULUAGA, A. (s.d.) *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Tubinga: Studia Romanica et Linguistica, s.d.

BIBLIOGRAFÍA

- BOUZA-BREY, F. El refranero gallego del comendador Hernán Núñez. En: *Etnografía y folklore de Galicia* (2). Vigo: Xerais de Galicia, 1982. p.211-235.
- CASTRO MACÍA, L. *Diccionario Xerais de Sinónimos*. Vigo: Xerais, 1995.
- GARCÍA-PELAYO, R. *Diccionario moderno español-inglés english-spanish*. Barcelona: Larousse, 1985.
- GÓMEZ CLEMENTE, X. M^a. Fraseoloxía galega e portuguesa: o verbo *andar* como núcleo de unidades fraseolóxicas I. *Viceversa* Vol. 1. Vigo: Asociación de Tradutores Galegos/Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo, 1995.
- VV.AA. *Diccionario de la Lengua Española*. Madrid: Real Academia Española, 1992.

